

Abracadabra Nº 38

5G ...

PASATEMPOS: CHISTES, GRAZAS, DIFERENCIAS

GALERÍA DE FOTOS

COMO SERÁ A ESCOLA DO FUTURO?

QUE HAI DE NOVO ...?




5G

En serio? Mmmmm... non sei... Está ben,... por que non? Supoño que se o podes imaxinar pódelo facer... Pero, é todo tan xenial? Ahhh... Ola!!!! non vos vía. Estaba divagando sobre o 5G e as súas posibilidades. Que que é iso do 5G? Ai, perdoade. Primeiro vouvos poñer en situación. Resulta que o outro día estaban os meus pais vendo o telexornal e falaron dunha feira que houbo en Barcelona, o Mobile World Congress (MWC), na que presentaron algúns proxectos que me chamaron moito a atención: desde escavadoras que se poden controlar a quilómetros de distancia, robots que imitan movementos de persoas, ou... preparádevos para o que segue... realidade virtual en vivo!!!! Si, si, como o estades escoitando!!!! Ahh!!! e coches autónomos!!!, o que vén sendo: cari, venme buscar que chove. Que guai! Ben, o de cari dígoo eu porque car é coche en inglés e i é eu, así que vén sendo "meu coche" pero cun toque agarimoso... (Despois disto a ver quen é o valente que se atreve a chamar cari á súa moza ou mozo... ha, ha, ha...) E resulta que todos estes proxectos serán posibles grazas á conexión 5G. Así que, como adiviñariades, non podía facer outra cousa que tentar desentrañar o que é iso do 5G.

Pois ben, o G significa "generation", así que 5G quere dicir "quinta xeración". Pódese dicir que toda esta tecnoloxía sen fíos para móbiles comezou co 1G, cando se puido pasar dos teléfonos fixos a recibir e facer chamadas a través dos móbiles. Co 2G púidose, ademais, mandar SMS e co 3G navegar por internet. O 4G, pola súa banda, trouxo maior velocidade e a posibilidade de ver e facer vídeos. E chegados a este punto, aparece o 5G que trae consigo maior velocidade, ata tal punto que poderíamos descargar unha peli 3D en cuestión de segundos!!! Tamén ten menor latencia, isto é, o tempo que se tarda en recibir os datos será menor, case inmediato. E fará que non só as persoas esteamos comunicadas, senón que todo estará conectado. Calquera obxecto terá sensores e conectividade e poderá comunicarse co resto de obxectos!!! É así como, por exemplo, os coches se comunicarán con outros coches, centros de datos e sensores externos para conducirse sos.

Calcúlase que para 2020, 20'8 mil millóns de dispositivos estarán conectados a internet!!!! Miña nai!!!! Na actualidade, hai uns 6'4 mil millóns no mundo, que xa non son poucos.




E, como vai lograr todo isto a tecnoloxía 5G? Primeiramente, temos que decatarnos de que todo este tipo de tecnoloxía transmite a través de ondas de distintas frecuencias. Así, podemos poñer como exemplo o funcionamento dun móbil. Os móbiles son como radios, pero de dobre sentido. Ao chamar a alguén, o teléfono converte a voz (ou as fotos ou vídeos cando usas WhatsApp) nun sinal eléctrico que envía ata a torre de telefonía máis próxima a través de ondas. A torre, entón, fai rebotar o sinal noutras torres ata que chega ao teléfono que chamaches e volve transformarse en voz (ou fotos,...). Tendo isto en conta, podemos falar do que necesita a tecnoloxía 5G para conseguir todos os cambios que promete. Pois, para empezar, terá que viaxar en ondas de radio de alta frecuencia, xa que as frecuencias máis altas permiten maior velocidade e maior ancho de banda, o que será moi necesario se realmente tantísimos dispositivos van estar conectados á vez. Para visualizalo ben, imaxinádevos unha estrada, os dispositivos conectados son os coches. As frecuencias máis altas son como autoestradas e o ancho de banda o número de carrís. Todo moi necesario para dar cabida aos 20'8 mil millóns de dispositivos previstos.

Pero... (sempre hai un pero...) estas ondas non poden viaxar a través das paredes, e as distancias que alcanzan son menores. Isto, que quere dicir? Que será necesario instalar unha chea de antenas miniatura, mesmo dentro de cada casa, e poida que dentro de cada habitación!!!!

Non sei... parécenme demasiadas antenas... incluso mirando só a nivel práctico, non sairá demasiado caro? Os países teñen suficientes cartos para poder investir neste tipo de tecnoloxía? Realmente, teño aínda moitas dúbidas, así que terei que seguir indagando un pouco máis. Aínda que... se o penso... que guai sería que cando soe o meu despertador, este lle comunique ao meu baño que se poña a unha temperatura agradable... coa auga quentiña... e ao apagar a billa, que a cociña me fixese o almorzo... mmmmmmm... e xa ao saír, a porta avisase ao coche para que me viñese buscar...

Si, creo que podería afacerme... Pero de momento, teremos que agardar a 2020, que é para cando se prevé que estará completamente dispoñible o 5G, e a ver que sorpresas nos trae...



Aaaaaa!!!! que tarde!!!! Será mellor que me espreguice antes de que os meus pais veñan buscarme, porque a eles non lles fai falta nin o 5G, nin ondas de alta frecuencia para conseguir que faga as cousas máis rápido e con efecto inmediato... Ata logo!!!! Vémonos no próximo número!!!!

PASATEMPOS

E aquí chega a sección máis esperada... para rir e non parar cos chistes que nos fostes deixando.

7 DIFERENCIAS

Atopa as 7 diferencias que hai entre estas dúas imaxes... se podes?



CHISTES

Aquí van os chistes que estabades agardando

Se encuentran dos amigos y uno le dice al otro:

- Me he comprado un coche de esos que conducen solos!!!

A lo que el amigo le pregunta:

- Y, ¿dónde está?

- ¡¡¡Yo que sé!!!!

(Vicente Diéguez, 8 años)

¿Qué le dice un .GIF a un .JPEG?

¡Ánimate hombre...

(Sonia López, 15 años)

¿Cuál es la comida preferida de un informático?...

Las patatas chips

(Pablo Castro, 8 años)

- Profesora, ¿Cómo se escribe teléfono móvil?

- Tal como suena

- ... ¿Y si está en modo vibración?

(Paula García, 10 años)

Soluciones



GALERÍA DE FOTOS

Participantes nos obradoiros de Lego Wedo e Scratch



COMO SERÁ A ESCOLA DO FUTURO?



Sen profesores? Sen aulas? Se cadra non fai falta desprazarse. Só unha cousa é segura: será diferente.

Sen profesores? Iso soa fantástico! Pero como aprenderemos sen ninguén que nos ensine?

Por un mesmo, por medio de bibliotecas, guías e experiencias en liña. Nas clases tradicionais é preciso esperar a que o profesor explique os temas, os alumnos toman apuntamentos e tentan memorizalos, no caso de que deban afrontar un exame a posteriori. Nas clases do futuro, os profesores xa non serán os gardiáns do coñecemento, máis que nada porque os coñecementos son demasiado vastos para un só profesor. En lugar diso, os alumnos poderán buscar información sobre calquera tema en bibliotecas virtuais. E, se é necesario formular algunha pregunta específica, teremos os mellores mestres e profesores do mundo para axudarnos.

Entón xa non teremos que ir á escola?

Aínda que un estude en por si, aínda pode necesitar que un profesor o guíe e asesore. Tamén é importante ver aos amigos, practicar deportes e unirse a clubs. Está claro que todo iso tamén se pode facer en liña, pero perderíamnos a diversión que supón tratar coa xente cara a cara e practicar actividades físicas no mundo real. No fondo trataríase de ir á escola porque se quere ir, non por obriga.

Esta visión da escola do futuro está baseada, en gran parte, no ensaio de Roger C. Shanks " Are we getting Smarter?" que se recolle na obra The Next 50 Years, John Brokman (ed.), Phoenix Books, 2002.

Moitos expertos en educación e aprendizaxe o avalan. E tamén o apoian algunhas das mentes máis brillantes da historia. Galileo, o famoso astrónomo, físico e filósofo italiano, dixo unha vez: "Non se pode ensinar todo a un home; só hai que axudalo a descubri-lo por si mesmo". (E, se estivese entre nós, seguro que estaría encantado de aplicar esta máxima aos mozos e mozas de hoxe en día).

Tamén María Victoria Moreno, homenaxeada este ano 2018 no Día das Letras Galegas, procuraba unha escola diferente e un método de ensino no que prevalecese o gozo que supón a aprendizaxe. Ela ofrecía liberdade e xogos e avogaba por unha escola en contacto coa natureza.



QUE HAI DE NOVO...?

* **ACTIVIDADES.** Como todos os anos organizamos os "Obradoiros de pintura" impartidos pola artista Luisa Valdés para nen@s a partir de 7 anos. Podes escoller unha semana das vacacións de verán. Infórmate na biblioteca.

* **V CONCURSO "PALABRAS DE AMOR".** Xa temos os gañadores: Primer premio, María Campayo García; Segundo premio, Marina Felípez Amarelle e terceiro premio, Lucía Silva Muiños. Parabéns ás tres! e grazas a todos os participantes.

* **FINALIZAMOS CO BONOLIBRO!** Parabéns a todos e todas as que o conseguistes, agora podedes gozar de todas as súas vantaxes: ter un préstamo adicional de materiais da biblioteca e preferencia á hora de anotarse nas actividades.

* Lembrámosvos que tamén estamos na rede:

WEB: <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>

Blog: <http://bibliotecadicoruna.blogspot.com>

Fotos: www.flickr.com/photos/bibliotecadicoruna

